

COMEDOR ESCOLAR

PLAN DE, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO

CEIP MANUEL RESPINO

Última actualización: curso 23/24





ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.

2. BASES LEGISLATIVAS.

3. OBXECTIVOS.

- 1) Educación para a saúde.
- 2) Educación para a convivencia.
- 3) Educación para o lecer.

4. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR.

- 1) Ao Consello Escolar correspóndelle.
- 2) Competencias do Equipo Directivo.
- 3) Competencias do profesor encargado do Servizo de Comedor Escolar.
- 4) Competencias dos coidadores/as.

5. PLAN DE FUNCIONAMENTO.

- 1) Características xerais.
- 2) Características do servizo:
 - Características xerais.
 - Persoal durante o curso 2021-2022.
 - Comensais.
 - Horario e calendario.
 - Menús.
 - Precios e forma de pago.
 - Normas xerais.
 - Correspóndelle ao cociñeiro.
 - Correspóndelle aos coidadores/as.
 - Dereitos dos alumnos comensais.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Manuel Respino

Avenida de Vilela 34
32350 A Rúa De Valdeorras(Ourense)
Tfno/Fax 988 310 631
E-mail: ceip.manuel.respino@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelrespino/>



- Correspóndelle aos alumnos.
- Correspóndelle ás familias.
- Actividades.

6. PROCEDEMENTO NO CASO DE COMIDA SOBRANTE

7. NORMAS PARA O FUNCIONAMENTO DO COMEDOR.

8. APLICACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS.

**9. APROBACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PRESENTE PLAN DE ORGANIZACIÓN E
FUNCIONAMENTO.**

10. ANEXOS



1. INTRODUCCIÓN

Desde o CEIP Manuel Respino expomos a necesidade de deseñar plans de actuación concretos que definan aspectos organizativos e de funcionamento que contribúan a obter a máxima rendibilidade e eficacia na xestión dos recursos humanos, materiais e económicos que se poñen a disposición do centro e que estamos seguros virán facer unha importante achega para mellorar a calidade da educación pública e, á vez, posibilitará unha mellora nos resultados do ensino.

A calidade dos servizos que se presten no noso centro, dependerá da concreción que da normativa que os regula, adaptándoa á nosa realidade e á contorna socioeconómica na que nos atopamos situados.

Neste sentido, o comedor escolar é un servizo que presenta evidentes vantaxes para favorecer que as familias poidan conciliar a súa actividade laboral coa adecuada atención aos seus fillos e fillas.

Nesa liña de mellora, eficacia e de óptimo rendemento, expónse o presente regulamento de organización e funcionamento do comedor escolar co desexo que, aínda que baseado na actual normativa que de forma xeral regula todos os servizos complementarios, nos leve ao desenvolvemento dun corpo normativo que sirva para alcanzar realmente os obxectivos programados.

2. BASES LEXISLATIVAS

- Decreto 132/2013 (DOG 13/08/2013) do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.
- Orde do 21 de febreiro de 2007 (DOG 21/2/07) pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 13 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 (DOG 19/06/08)
- DECRETO 374/2009 do 6 de agosto, (DOG 14/08/2009) polo que se aproban os prezos públicos pola utilización dos comedores escolares nos centros docentes públicos e DECRETO 439/2009, do 11 de decembro, (DOG 24/12/2009) polo que se modifica o Decreto 374/2009



- Instrucción 3/2017 da Secretaría Xeral Técnica, pola que se establecen directrices e recomendacións respecto da comida sobrannte nos comedores de xestión directa existentes nos centros de ensino público dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Instrucións 2/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, educación, Formación Profesional e Universidades, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023-2024.

3. OBXECTIVOS.

De acordo co establecido no noso Proxecto Educativo de Centro, o Servizo de Comedor ofrécese como un servizo complementario do colexio, que responde á demanda social que existe entre as familias neste sentido. Por tanto, este servizo terá os seguintes obxectivos:

1) EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e alimentación como base dunha correcta Educación para a Saúde e promover a adaptación do alumnado a unha diversidade de menús e a unha disciplina no acto de comer que inclúa a cortesía, a tolerancia, a solidariedade e a educación para a convivencia
- Afacerse a comer todo tipo de alimentos.
- Fomentar a autonomía persoal.
- Adquirir e pór en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa: boas posturas, utilizar os cubiertos correctamente, mastigar ben os alimentos,...
- Interesar ás familias nos beneficios que poidan obterse dunha colaboración conxunta cos responsables do comedor, tanto no referido á saúde do alumno como á súa educación nutricional.
- Concienciar á familia nos patróns de conduta adquiridos no comedor do centro educativo e a importancia de continuar cos mesmos no seu fogar.



2) EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA

- Adquirir e pór en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.
- Espertar nos alumnos o espírito de cooperación, implicándoos, segundo as súas posibilidades, en tarefas de servizo de comedor.
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara a todos os membros da Comunidade Escolar.
- Lograr un comportamento correcto na mesa.
- Aprender a comer correctamente en grupo, seguindo as normas básicas de educación e convivencia.
- Lograr un ambiente sen moito ruído, evitando berros e dialogando de forma distendida, afacerse a falar en voz baixa.
- Coidar e respectar os locais, mobiliarios, aveños e utensilios de uso comunitario.

3) EDUCACIÓN PARA O LECER

- Crear hábitos e proporcionar estratexias para a utilización correcta do tempo libre.
- Planificar actividades de lecer e tempo libre que contribúan ao desenvolvemento armónico da personalidade e ao fomento de hábitos sociais e culturais.

4. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR.

A organización e o funcionamento do servizo de Comedor no noso centro corresponderá ao Consello Escolar, ao equipo Directivo e ao encargado de Comedor.

1) Ao Consello Escolar correspóndelle:

- Aprobar as directrices da organización e funcionamento do servizo, así como o seguimento e avaliación das mesmas ao longo de todo o curso.
- Visar os menús propostos e propor os cambios que correspondan.



2) Competencias do Equipo Directivo:

As competencias respecto deste servizo complementario recaen no Director do centro que asume as seguintes funcións:

- Elaborar o Plan Anual do Servizo de Comedor como parte integrante da P.X.A.
- Dirixir e coordinar o servizo, así como propor ao Consello Escolar a designación do profesor encargado do Comedor.
- Supervisar o funcionamento do servizo de comedor.
- Formular o inventario de bens adscritos ao comedor e que se utilicen para prestar o servizo.
- Rexistrar a actividade económica do Comedor.
- Autorizar os pagos a provedores.

3) Competencias do profesor encargado do servizo de comedor:

- Desenvolver, en coordinación co Equipo Directivo, o Plan Anual do servizo de comedor.
- Supervisar o funcionamento do devandito Plan Anual en todos os seus ámbitos.
- Asumir a Xestión Formativa e Administrativa do servizo de comedor.
- Levar a cabo as tarefas encomendadas polos Servizos Sanitarios Locais en relación co control das instalacións e os alimentos.
- Distribuír a todos os comensais o plan mensual de comidas, de forma que os pais estén informados do que comen os seus fillos e poidan programar o resto de comidas.

4) Competencias dos/as coidadores/as do comedor:

As persoas encargadas de coidar ao alumnado que fai uso do comedor escolar asumen as seguintes funcións:

- Realización de actividades formativas programadas polo centro para o tempo do comedor.
- Responsabilízanse da orde do alumnado durante o período da comida.



- Atención e vixilancia do alumnado durante as comidas, formándolles nos hábitos alimentarios e sociais idóneos para unha mellor educación para a saúde e a convivencia.
- Colaboración na provisión de mesas e retirada do enxoval.
- Formación personalizada na utilización de utensilios persoais na mesa.
- Promoción de hábitos de hixiene relacionados coa comida
- Vixilancia e coidado dos recreos e espazos habilitados previos e posteriores á comida.
- Atención especial e urxente ao alumnado en caso de accidente escolar ou enfermidade, pondo en coñecemento do encargado de comedor e/ou Director, que contactará coa familia. Cando non se contacte coa familia, e a situación o requira, poderá acudir ao Centro de Saúde co alumno que o necesite.

C) As familias:

- Comunicar ao Centro, por escrito, as posibles alerxias, réxime e medicación dos seus fillos/ as.
- Comunicar á Dirección as incidencias máis destacables que se produzan no servizo. Dentro do ANPA poderá constituírse unha Comisión de Seguemento do Servizo de Comedor que recollerá todas estas incidencias e que se trasladarán á Dirección do Centro.
- Intercambiar información cos monitores/ as cando as necesidades o requiran .
- Comunicar con antelación as asistencias ao comedor, no caso de asistencia esporádica, e as inasistencias ao mesmo, no caso de asistencia regular.
- Acudir ao centro para cambios de roupa para os alumnos/ as de Educación Infantil en caso dalgunha incidencia.
- Estar ao corrente dos pagos, se os houbera.
- Cooperar no adecuado cumprimento das normas establecidas.



5.2. CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO.

A) Características xerais.

- O Comedor Escolar está situado na planta baixa do edificio e ocupa unha superficie de 100 m² aproximadamente. Conta cunha capacidade para 214 comensais.

- O Comedor Escolar funciona mediante cociña propia.

Durante o ano académico 2023-2024 a función de monitores/as/coidadores/as que atenderán ao alumnado tanto no período da comida como no anterior e posterior á mesma será levada a cabo por nais, pais, titores legais ou acolledores familiares de alumnos/as que estean cursando no curso 2023-2024, así como docentes.

O número de coidadores/as é o que fixa a normativa en vigor e está suxeito de forma proporcional ao número de comensais, sendo nove o número máximo de colaboradores por día.

B) Persoal durante o curso 2023/24

· Persoal de cociña:

Cociñeiro/a: Casas Martínez, Carmen

Axudantes de cociña:

- García Martínez, María Teresa

- Rodríguez Ramos, Verónica

· Equipo pedagóxico:

As persoas responsables de levar a cabo o plan e distribución de tarefas entre os membros do equipo son as seguintes:

Director/a do Centro: Emilio Manuel González López.

Encargado/a do Comedor: Paula Pose López

Colaboradores:

- Borrazas Verdía, Elena María (docente)

- Celada Guerrero, María (docente)



- Rodríguez Díaz, Vicente (docente)
- Sánchez Veiga, Rafael (docente)
- Chamorro Bouzas, Carmen (nai)
- Díaz López, David (pai)
- Ortiz Fernández, Lucía (nai)
- Rodríguez Rodríguez, Natalia (nai)
- García Fernández, Leonardo (conserxe)

C) Comensais:

Poderán facer uso do Servizo de Comedor, en calidade de comensais habituais, todos os alumnos/as matriculados no centro que así o soliciten, até completar a cota prevista para cada curso polo Consello Escolar. As solicitudes presentaranse no mes de xullo, en documento facilitado pola Secretaría do Centro.

En setembro abrirase un prazo extraordinario para os alumnos de nova matriculación no centro.

Unha vez completada a cota poden presentarse solicitudes en espera de praza.

O Consello Escolar adxudicará as prazas de comedor priorizando aos alumnos/as con dereito a bolsa de comedor e despois atendendo ás situacións familiares, sociais, económicas... As familias poderán solicitar bolsa de comedor ante o Consello Escolar quen poderá solicitar a documentación que estime oportuna tanto ás familias como a outras institucións para adxudicar prazas de comedor como para obter bolsa no mesmo. En todo caso, aplicaranse as instrucións e baremos que facilita a Delegación Provincial ao comezo de cada curso escolar.

Con carácter excepcional e sempre que as circunstancias o permitan, admitiranse no comedor esporadicamente a outros comensais cando as circunstancias familiares así o requiran, por motivos xustificadas. Nestes casos a familia deberá solicitalo, coa maior antelación posible, ao encargado do comedor, aboando a cantidade correspondente.

De igual xeito, o profesorado que así o desexe poderá facer uso do Comedor Escolar de xeito habitual ou esporádico pagando as cantidades correspondentes.



D) Horario e calendario:

- O horario de funcionamento será de 14:15 a 15:30 horas de outubro a maio, e de 14:30 a 15:30 nos meses de setembro e xuño.
- O comedor iniciará a súa actividade o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño.
- O tempo do comedor organizarase en tres períodos:
 - 1º. O primeiro terá unha duración aproximada de 15 minutos. Nel os nenos/as colocaranse en orde e en fila para entrar de forma escalonada ao comedor por cursos e hixeinizar as mas.
 - 2º. O segundo será o da comida, coa duración necesaria para que todo o alumnado termine adecuadamente.
 - 3º. O terceiro período será para recollida de enxoval e hixiene, deixando o tempo restante para xogos de exterior ou interior realizados baixo a supervisión do persoal encargado do seu coidado.

E) Menús:

Os menús serán confeccionados polo Equipo Directivo e o encargado do comedor, e facilitados ao Consello Escolar coa maior anticipación posible, que supervisará a idoneidade dos menús propostos e poderá solicitar os cambios que estime oportunos

Os menús basearase nunha dieta equilibrada caracterizada por un consumo elevado de froitas, verduras, legumes, pescado e aceite de oliva, e estarán constituídos polos seguintes elementos:

Primeiro prato: arroz, pasta, legumes, patatas ou verduras e hortalizas.

Segundo prato: carne, pescado ou hovers.

Guarnición: priorizarase as verduras, hortalizas e ensaladas en sus distintas variantes.

Pan: a comida sempre virá acompañada dunha ración de pan de tamaño según a idade do/a neno/a.

Postre: a froita será o postre habitual, sendo o leite un bo complemento na alimentación escolar pero non presentado como sustituto da froita natural.



Auga: será a bebida de elección e estará sempre presente nas comidas e fácilmente accesible.

Dende o Servizo de Comedor atenderase como mínimo ás dietas especiais que a continuación se enumeran:

- Astringente
- Celiaquía
- Intolerancia á lactosa
- Alerxia ao peixe e/ou marisco
- Alerxia ás leguminosas
- Alerxia a algún tipo de froita puntual: pexego, kiwis, amorodos, etc.
- Alerxia ao ovo.

Nestes casos, a Dirección deberá entregar previamente a relación de alumnos/as afectados previo certificado médico.

Coa finalidade de que as familias poidan completar o réxime alimenticio dos seus fillos e fillas de acordo cos criterios dunha alimentación saudable e equilibrada, a programación mensual dos menús expoñerase no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web do centro.

F) Precios e forma de pago:

O custo do comedor será fixado ao comezo de cada curso escolar pola Consellería de Educación. Sobre este custo pode obterse bonificación segundo os ingresos familiares obtidos no período impositivo anterior ao da presentación de solicitude.

O uso do servizo, de conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 132/2013, dará lugar ao aboamento dos seguintes prezos públicos por parte dos suxeitos obrigados:

- a) 1 € por día de uso do servizo para os alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nas condicións sinaladas no artigo 12.2.1 do Decreto.



b) 2,50 € por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos supostos recollidos no artigo 12.2.2 do Decreto.

c) 4,50 € por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos seguintes parámetros: Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 € Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

d) 4,50 € por día de utilización do servizo de comedor para o persoal docente ou non docente destinado no centro escolar, auxiliares de conversa e

alumnos en prácticas de ensinanzas de maxisterio ou grado equivalente, que sen ter responsabilidades na organización dos comedores escolares nin no coidado dos alumnos comensais, faga uso do comedor escolar.

O pagamento mensual satisfacerase entre o 1 e o 20 do mes seguinte por día de prestación do servizo e poderase efectuar nas entidades de depósito autorizadas mediante os correspondentes impresos de pagamento. Así mesmo, poderanse realizar pagamentos de xeito telemático a través da oficina virtual tributaria que corresponda e a través do Espazo Abalar.

A falta de pagamento das cotas, será causa de perda da praza no comedor

G) Normas xerais:

- A comida é un acto educativo máis, polo que o alumnado deberá tamén aprender a inxerir todo tipo de alimentos que aparezan no menú non podendo abandonar a mesa sen comer un mínimo de cada un dos pratos ata o fin do horario do servizo de comedor. En caso de non poder comer algún alimento deberase traer un certificado médico que así o manifeste.
- A cantidade das racións axustarase á idade do neno, evitando poñer cantidades insuficientes ou excesivas de alimentos.
- A comida transcurrirá nun clima de orde e tranquilidade.
- Todos os alumnos comerán cunha postura axeitada e saudable.



- Durante a comida cada monitor/para terá asignado un grupo de alumnos/as, procurando en todo momento que estes tomen o menú correspondente e dispoñan de tempo suficiente para realizar a devandita actividade
- O tempo anterior e posterior á comida deberá transcurrir de forma pacífica e tranquila, e sempre baixo a supervisión da persoa coidadora.
- Calquera tipo de incidencia sucedida no comedor cos alumnos será comunicada á Dirección do centro ou ao encargado do comedor no prazo máis breve posible.
- Á cociña e áreas de repartición só se permitirá o acceso ao persoal autorizado.

H) Corresponde aos/as cociñeiros/as:

- Elaborar coa menor variación posible os menús elaborados e entregados aos comensais mensualmente.
- Coidar do mantemento da limpeza diaria das instalacións, electrodomésticos e resto de utensilios.

I) Corresponde aos coidadores.

No tempo alimentario:

- O control dos alumnos e a supervisión da inxesta.
- Os coidadores/as deberán contribuír a que durante a inxesta reine o silencio e as boas maneiras.
- Coidar e atender ao alumnado durante a prestación do servizo de comedor e no período que vaia entre a finalización das comidas e a saída
- Apoiar e controlar a inxesta:
 - Colaborar cos alumnos naquelo que sexa necesario para facilitar a súa alimentación en función da idade ou de circunstancias persoais (pelar a froita, partir a carne, quitar as espinas ao pescado, etc.), sin que por elo se perda de vista a necesidade de potenciar a autonomía na súa alimentación.



- Enseñarle aos alumnos a desenvolverse con corrección na mesa, a empregar correctamente os cubiertos e servilletas, a manter unha postura adecuada, etc.
- Facer fincapé na necesidade de comer todo aquilo que se lle sirve, xa que así conseguirá unha alimentación equilibrada que contribúa a súa saúde.
- Controlar o emprego dun tempo axeitado para as comidas.
- Evitar que algún alumno finalice o servizo sin comer nada.
- Organizarse ben para que a comida non tarde en chegar á mesa, unha vez que os comensais están listos para comer.
- Asegurarse de que os alumnos realicen os seguintes hábitos hixiénicos:
 - Lavar as mans antes de sentarse á mesa.
 - Non xogar cos alimentos para evitar contaminalos.
 - Levar a cabo unha boa hixiene cando remate o servizo.
 - Prestar especial atención aos alumnos que:
 - Sistemáticamente non comen.
 - Trocean e estenden a comida pola prato sin apenas probala.
 - Intercambian a súa comida con outros.
 - Rexeitan sempre o mesmo tipo de alimentos.
 - Aíslanse para comer.
 - Engullen os alimentos e sempre rematan os primeiros.
 - Sempre rematan os últimos.
 - Presentan algún tipo de patoloxía declarada previamente ao encargado do comedor e requiren dalgunha dieta especial.
- Resolver os problemas e discusións que xurdan no mesmo momento.
- Dar exemplo aos alumnos, cuidando a linguaxe e os hábitos de comportamento.



- Informar ao equipo directivo ou ao encargado do comedor para que éste se poña en contacto coas familias en casos de inapetencia continuada ou sobre calquera asunto de interese relacionado cos seus fillos.

No tempo post-alimentario:

- Controlar aspectos de seguridade e vixilancia no patio e demais dependencias.

Outras tarefas:

- Informar ao equipo directivo ou ao encargado do comedor sobre conductas observadas nos alumnos e que a seu xuizo deban ser corrixidas para que estes se poñan en contacto coas familias.
- En ningún caso se administrará medicamentos aos alumnos.

J) Dereitos dos alumnos comensais:

- Dereito a beneficiarse de todas as prestacións que comprende o Servizo do Comedor Escolar nas mellores condicións posibles de seguridade, hixiene e benestar.
- Dereito a recibir un trato correcto, con respecto e sen discriminación de ningún tipo, tanto por parte dos seus compañeiros de comedor, como de todo o persoal adscrito ao Servizo de Comedor.
- Dereito a gozar das instalacións que o centro pon a disposición do Servizo de Comedor Escolar para o desenvolvemento das actividades que lle son propias.

K) Corresponde aos alumnos:

- Deber de tratar coa corrección debida, respecto e cordialidade aos seus compañeiros/as de comedor, así como a todo o persoal adscrito ao Servizo de Comedor, obedecendo as súas indicacións.
- Comportarse de forma educada, respetando as instalacións, os dereitos dos demais e as recomendacións dos coidadores, do encargado do comedor e do equipo directivo.
- Antes de ocupar o seu sitio nas mesas, agruparse ordenadamente para entrar no comedor e hixenizar as mans.



- Respetar as normas básicas de convivencia e boa conducta, non levantarse da mesa sen permiso dos coidadores, non berrar e comer con educación.
- Practicar as normas básicas de hixiene persoal: lavado de mans antes e despois de comer, uso da servilleta...
- Consumir a comida dentro do comedor.
- Consumir, do menú establecido para cada día, a cantidade servida.
- Respetar ao persoal laboral.
- En caso de non poder comer algún alimento ou beber algún tipo determinado de bebida, os alumnos deberán traer un certificado médico que así o manifeste.
- Antes e despois da comida, os alumnos deberán facer uso dos espazos do centro que sexan asignados, pero en ningún caso poderan entrar no resto de dependencias nin nas aulas.
- Os alumnos non poderán saír do recinto escolar durante o período do comedor, salvo autorización expresa e escrita dos seus pais.
- O incumprimento reiterado destas normas suporá, a expulsión temporal ou definitiva do comedor. Para as faltas aisladas atenderase ao disposto no Regulamento de Réxime Interno.

L) Correspondelle ás familias.

- Informar ao persoal do comedor ou ao Encargado do mesmo de calquera necesidade ou atención especial que necesite o alumno/a desde o punto de vista médico e con Certificado médico.
- Informar o persoal do comedor ou ao Encargado do mesmo sempre que recollan ao alumno/a comensal durante o horario de comedor.
- Comunicar as ausencias ao comedor antes das 10:00 horas da mañá para ter unha previsión exacta do número de comensais
- Aportar unha carpeta ou sobre de plástico tamaño A5 para o envío e recepción de posibles informacións entre a familia e o comedor
- Cooperar no cumprimento das normas establecidas.



M) Actividades.

Para levar a cabo as actividades programadas no presente Plan de Comedor, tanto en educación alimentaria como en educación no tempo libre ou tempo de lecer, preténdese reflexar nelas a dimensión educativa deste servizo, co fin de favorecer o desenvolvemento de hábitos relacionados coa alimentación e hixiene.

Trátanse de actividades programadas para levar a cabo nos períodos inmediatamente anterior e posterior á utilización do servizo, planificadas para favorecer a integración de todo o alumnado.

O centro contará con material educativo, sobre educación alimentaria e saúde, e, se procede, o centro tamén poderá elaborar documentos sobre temas puntuais relacionados coa alimentación, hixiene, saúde, etc.

No que á educación no tempo libre se refire, poderase facer uso das diferentes instalacións como poden ser a aula de audiovisuais e a biblioteca para o visionado de películas e lectura e consulta dos exemplares cos que conta o centro, así como xogos de mesa; a pista polideportiva para a realización de xogos deportivos.

Unha planificación orientativa das devanditas actividades sería:

HORAS	ACTIVIDADES	LUGAR
14:15 h.	Hixiene de mans e entrada escalonada	Entrada comedor
14:25 h.	Xantar: - Hábitos saudables de comida. - Comportamento na mesa e no comedor. - Manexo adecuado de cubertos. - Reparto de responsabilidades.	COMEDOR
14:50 h.	Hábitos de hixiene	ASEOS
15:00 h.	Actividades: - Xogos de mesa - Xogos didácticos - Xogos ao aire libre - Lectura - Sesións de vídeo - Descanso	COMEDOR BIBLIOTECA PISTAS DEPORTIVAS XIMNASIO
15:15 h.	Formación de filas para a saída escalonada (usuarios con e sen servizo de transporte)	PATIO



6. PROCEDIMENTO NO CASO DE COMIDA SOBRANTE

Inda que non é o habitual, nalgunhas ocasións, as ausencias no comedor ou a maior ou menor aceptación dalgúns pratos poden dar lugar a excedentes alimentarios que, coas debidas garantías sanitarias, deberían ser aproveitados tendo en conta as necesidades socioeconómicas que poidan existir nas zonas de influencia do noso centro educativo. É por este motivo, que se establece un procedemento no caso de comida sobranante a través dos Servicios Sociais do noso Concello para a distribución daquela comida que non poida ser utilizada no propio centro a familias e persoas en risco de exclusión social.

O procedemento a seguir será o seguinte:

1. Equipo Directivo contactará cos Servicios Sociais do Concello establecendo un operativo que permita cada día que existan menús sobranantes a súa entrega ás familias e persoas en risco de exclusión social seleccionadas.
2. primeiro día no que se entreguen menús sobranantes o centro fará entrega dun documento informativo con recomendacións hixiénico-sanitarias relativas á manipulación, transporte e conservación da comida sobranante. Así mesmo, ese primeiro día asinarase un documento no que os Servicios Sociais do concello comprometéense a:
3. Repartir os alimentos exclusivamente a persoas en risco de exclusión social e en situación de necesidade socioeconómica da zona.
4. Seguir as instrucións que reciba puntualmente do centro escolar, respecto do horario e características da recepción dos menús sobranantes.
5. Contactar diariamente para saber si ese día hai comida sobranante e acudir a recollela de acordo co indicado polo centro.
6. reparto dos excedentes alimentarios so se poderá facer nas dependencias do centro en recipientes alimentarios adecuados que proporcionen os Servicios Sociais do Concello
7. Cubrir e asinar cada día de recepción o correspondente rexistro de recollida



8.Eximir á Consellería e ao cetro educativo de calquera responsabilidade no eido de hixiene e seguridade alimentaria a partir da recollida dos menús sobrantes

Excedentes alimentarios non susceptibles de reparto:

- A comida non conservada adecuadamente
- A comida contida en envases danados
- A comida que estivera almacenada en recipientes en contacto directo co chan
- A comida que saira da cociña ou lugar de almacenamento
- As sobras dos alumnos
- As ensaladas ou pratos que requiran de algún tipo de aliño

Nestes supostos, os excedentes alimentarios non susceptibles de seren repartidos tratarase como residuos sólidos urbanos.

7. NORMAS PARA O FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

- Os alumnos non poderán acceder ao comedor escolar sen a compañía dos coidadores/as. Deberán acceder con corrección, orde e respecto, atendendo sempre as indicacións dos coidadores.
- O recinto escolar poderase delimitar para favorecer a vixilancia dos alumnos no período anterior e posterior á comida. Caso de ser así os alumnos non poderán abandonar ese espazo sen permiso dos coidadores.
- O centro porá a disposición dos coidadores/as de comedor un espazo suficiente onde estar cos comensais nos días de inclemencias meteorolóxicas.
- Os alumnos/as asearanse debidamente antes e despois de facer uso do comedor.
- Antes da comida, cada alumno ocupará o lugar que ten asignado, sen tomar alimentos, nin tocar alimentos nin utensilios ata que se empezo a comer.
- Durante a comida os alumnos/as comportaranse con corrección, atendendo ás indicacións que lles fagan os coidadores, non arroxando alimentos nin utensilios



ao chan ou ás mesas, non molestando a compañeiros/as, non falando en voz alta nin berrando, etc.

- Os alumnos/as maiores axudarán se son requiridos na recollida de alimentos e utensilios.

- Durante o período de lecer os alumnos serán controlados en todo momento polos coidadores/as.

- Os alumnos/as respectarán as dependencias, instalacións e materiais do Centro, deixándoas en perfecto estado despois do seu uso.

- No caso de que un alumno/a comensal deba abandonar o recinto escolar para asistir ao médico ou situacións similares, deberá marchar e regresar, se é o caso, acompañado por un adulto autorizado (pai, nai, titor legal ou persoa debidamente autorizada) e deberá informar os coidadores para que estes o comuniquen ao equipo directivo e/ou ao encargado do comedor.

- Os alumnos non poderán facer uso do teléfono móbil nin de outros dispositivos electrónicos durante as horas de comedor. Todo tipo de comunicación farase dende o teléfono do centro.

- O alumnado do comedor deberá cumprir as normas básicas de convivencia establecidas polo centro e recollidas no Regulamento de Réxime Interno.

- Os problemas de conducta que plantexen os alumnos durante as horas de comedor serán sancionadas, tendo en conta a gravidade dos actos. Non se permitirá ningún tipo de violencia.

Ao comezo de cada curso escolar entregarase a todas as familias un decálogo de normas de obrigado cumprimento por todos os usuarios do servizo de comedor.

8. APLICACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS

A aplicación destas medidas terá un marcado carácter educativo, procurando en todo caso garantir o respecto aos dereitos de todos os implicados no comedor escolar e a convivencia entre todos eles.



Serán faltas leves e serán comunicadas por escrito, polos coidadores, ao profesor encargado do comedor que adoptará as medidas correctoras oportunas:

- Arrojar alimentos ao chan ou ás mesas.
- Molestar aos compañeiros durante as comidas ou o tempo anterior ou posterior.
- Comer sen corrección.
- Dar voces e berros durante a comida sen causa xustificada.
- Usar indebidamente os materiais ou instalacións do Colexio.
- Levantarse da mesa sen o permiso dos coidadores.
- Non estar nas zonas establecidas para o tempo de lecer.
- Calquera outra que os coidadores consideren oportuno.

Ante estas conductas adoptaranse as seguintes medidas:

- Comer separado do resto de compañeiros.
- O alumno será privado do tempo de lecer despois de comer.
- Actividades sociais: barrer o comedor, poñer a mesa un tempo extra...
- Calqueira outra medida que se considere oportuna.

Serán faltas graves, que serán corrixidas polo Encargado do comedor, e comunicadas aos pais:

- Saír do recinto escolar sen permiso.
- Causar danos intencionados a compañeiros, a instalacións ou a materiais.
- Faltar ao respecto aos coidadores.
- A acumulación de 3 faltas leves.
- Utilizar unha linguaxe incorrecta cos seus compañeiros e coidadores do servizo de comedor.
- Calquera outra que implique esta condición a xuízo do Equipo Directivo.



Cando se comentan faltas graves comunicaranse por escrito ao encargado de comedor e este comunicarao á Familia.

Serán faltas moi graves, que poderán ser motivo de expulsión temporal (de 3 a 15 días) ou total do Comedor Escolar, segundo determine o Consello Escolar:

- Desprezar aos coidadores e ao resto de compañeiros.
- Causar dano con premeditación e publicidade aos compañeiros, a instalacións ou a materiais.
- A falta de pagamento das cantidades correspondentes por parte dos comensais non bolseiros.
- A acumulación de 3 de faltas graves.
- Calquera outra falta que implique esta condición a xuízo do Consello Escolar.
- Absentismo grave e inxustificado de forma reiterada, levará consigo a perda do servizo como usuario.

O profesor encargado de comedor poderá elevar á Dirección do Centro a conveniencia de apartar do servizo de comedor durante tres días aos alumnos que reiteren comportamentos que sexan faltas moi graves.

Cando se expoña apartar do servizo de comedor por un período de 15 días ou máis, e/ou apartar definitivamente do mesmo a algún comensal, corresponderá ao Consello Escolar do Centro tomar en consideración estas medidas.

En todo momento terase presente o Regulamento de Rexime Interno.

9. APROBACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PRESENTE PLAN DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- Este programa incluírase no plan de centro e será aprobado polo Consello Escolar do Centro.
- Poderá modificarse á suxerencia do Equipo Directivo, que será quen recolla as achegas ou necesidades de cambio mostrada polos usuarios e persoal encargado.
- Actualizarase automaticamente con ocasión de cambio de normativa específica ao respecto.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Manuel Respino

Avenida de Vilela 34
32350 A Rúa De Valdeorras(Ourense)
Tfno/Fax 988 310 631
E-mail: ceip.manuel.respino@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelrespino/>



ANEXOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Manuel Respino

Avenida de Vilela 34
32350 A Rúa De Valdeorras(Ourense)
Tfno/Fax 988 310 631
E-mail: ceip.manuel.respino@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelrespino/>



COMUNICACIÓN DE FALTAS

O seu fillo/a , incumpriu durante o desenvolvemento da actividade do comedor as seguintes faltas:

Estas están contempladas no noso Regulamento de Organización e Funcionamento como contrarias ás normas de convivencia e sobre el aplicáronse as seguintes medidas correctoras:

Rogo firme o presente comunicado que deberá devolver o/a alumno/a asinado e entregalo ao Director do Centro.

Asdo _____

Emilio González López
Director do centro

Asdo _____

Pai/nai/tutor legal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Manuel Respino

Avenida de Vilela 34
32350 A Rúa De Valdeorras(Ourense)
Tfno/Fax 988 310 631
E-mail: ceip.manuel.respino@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelrespino/>



NOTA: entregar asinado na Dirección do centro

SOLICITUDE DE DIETA ESPECIAL

D./D^a. _____ , con DNI nº _____ ,
como nai/pai ou titor/a legal do/a alumno/a _____ ,
escolarizado/a neste centro no nivel de _____ de Educación _____ e
usuario/a do servizo de COMEDOR durante o curso 20 ____ /20 ____

SOLICITA:

A que ao seu fillo/a prepáreselle unha dieta especial debido a:

Para a súa comprobación adxunto certificación médica acreditativa do motivo alegado.

En A Rúa, a _____ de _____ de 20 ____

Asinado: _____

(Pai/nai/titor legal)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Manuel Respino

Avenida de Vilela 34
32350 A Rúa De Valdeorras(Ourense)
Tfno/Fax 988 310 631
E-mail: ceip.manuel.respino@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelrespino/>



SOLICITUDE DE BAIXA

D./D^a. _____ , con DNI nº _____ ,
como nai/pai ou titor/a legal do/a alumno/a _____ ,
escolarizado/a neste centro no nivel de _____ de Educación _____ e
usuario/a do servizo de COMEDOR durante o curso 20 ____ /20 ____

SOLICITA:

A baixa do servizo de comedor escolar a partir do día _____ de _____
de 20 ____ .

En A Rúa, a _____ de _____ de 20 ____

Asinado: _____
(Pai/nai/titor legal)

2023



2024

NORMAS

Comedor escolar

FUNCIONAMENTO

De acordo co establecido no noso Proxecto Educativo de Centro, o Servizo de Comedor ofrécese como un servizo educativo complementario que responde á demanda social que existe entre as familias cos seguintes obxectivos:

1. EDUCACIÓN PARA A SAÚDE
2. EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA
3. EDUCACIÓN PARA O LECER

O éxito do seu funcionamento depende dunha serie de normas básicas que todos temos a obriga de cumprir:

O CENTRO

- Dirixir, coordinar e supervisar o funcionamento do Servizo de comedor escolar.
- Elaboración de menús baseados nunha dieta equilibrada.
- Distribuír a todos os comensais o plan mensual de comidas, de forma que os pais estén informados do que comen os seus fillos e poidan programar o resto de comidas.

AS FAMILIAS

- Comunicar ao Centro, por escrito, as posibles alerxias e réxime dos seus fillos/as adxuntando informe médico.
- Comunicar as ausencias ao comedor antes das 10:00 horas da mañá para ter unha previsión exacta do número de comensais
- Estar ao corrente dos pagos, se os houbera.
- Acudir ao centro para cambios de roupa para os alumnos/ as de Educación Infantil en caso dalgunha incidencia.
- Aportar unha carpeta ou sobre de plástico tamaño A5 para o envío e recepción de posibles informacións entre a familia e o comedor
- Cooperar no adecuado cumprimento das normas establecidas.

CODADORES/AS

- Atención e vixilancia do alumnado durante as comidas, formándolles nos hábitos alimentarios e sociais idóneos para unha mellor educación para a saúde e a convivencia.
- Promoción de hábitos de hixiene relacionados coa comida.
- Responsabilízanse da orde do alumnado durante o período da comida, así como nos momentos previos de entrada e saída.
- Realización de actividades formativas programadas polo centro para o tempo do comedor.
- Informar ao centro sobre condutas observadas nos alumnos e que a seu xuízo deban ser corrixidas para que estes se poñan en contacto coas familias.

OS/AS ALUMNOS/AS

- Respetar as normas básicas de convivencia e boa conduta,
- Practicar as normas básicas de hixiene persoal
- Consumir a cantidade servida
- Non saír do recinto escolar durante o período do comedor, salvo autorización expresa e escrita dos seus pais.
- O incumprimento reiterado das normas básicas suporá, a expulsión temporal ou definitiva do comedor. Para as faltas aisladas atenderase ao disposto no Regulamento de Réxime Interno

CEIP MANUEL RESPINO